

RESOLUCIÓN reitoral do 23 de xuño de 2025 pola que se publica a cancelación dun curso de extensión universitaria 2025 no Campus de Vigo

Rematado o prazo de inscrición no curso de extensión universitaria “Lendo con mirada feminista: unha aproximación á crítica e teoría literaria feminista” e non acadando o número mínimo de participantes que establecía a resolución reitoral do 8 de maio de 2025 pola que se publicaba a oferta de cursos de extensión universitaria do 2025 no campus de Vigo.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro: cancelar o curso de Extensión Universitaria “Lendo con mirada feminista: unha aproximación á crítica e teoría literaria feminista” e proceder á publicación desta cancelación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo.

Segundo: autorizar a devolución das taxas aboadas pola inscrición no presente curso a aquelas persoas interesadas que o soliciten seguindo o procedemento establecido no punto j) da resolución do 8 de maio de 2025.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo

